


UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



**PRESUPOSTOS
2001**

PRESUPOSTO 2001

I. INTRODUCCIÓN

As competencias que atribúen á Universidade a Lei Orgánica 11/1983 de Reforma Universitaria (LRU) e os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, aprobados polo Claustro o 17 de outubro de 1997, permiten elaborar e presentar para coñecemento e aprobación, se procede, polos Órganos de Goberno da Universidade o proxecto de presupostos, unha vez coñecida a subvención global que pola vía das transferencias correntes e de capital recibirá da Comunidade Autónoma.

A partir, xa que logo, do coñecemento das dotacións presupuestarias que recibirá a USC no ano 2001 da súa administración educativa, que é a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (CEO) da Xunta de Galicia, o Equipo Rectoral puido, formalmente, elaborar e presentar para coñecemento do Claustro Universitario, as liñas xerais do presupuesto para o exercicio 2001, e, unha vez aprobadas na súa sesión do 6 de marzo do 2.001, de acordo co mandato contido no artigo 153 dos vixentes Estatutos, procédese á presentación dunha formulación máis detallada do documento presupuestario perante a Xunta de Goberno, que o enviará logo ó Consello Social para sometelo á súa definitiva aprobación.

O presupuesto da USC para o ano 2001 constitúe a expresión cifrada, conxunta e sistemática dos dereitos que previsiblemente se liquidarán no transcurso do exercicio, así como das obrigacións que pode reconece-la institución. A xestión presupuestaria realizarase atendendo ás normas de execución que se explicitan no apartado 2.2., ó establecido na L.R.U. e nos Estatutos da nosa Universidade.


A elaboración do presupuesto permitiuños facer a planificación e a programación adecuadas para un exercicio que se corresponde co segundo ano de aplicación do ACORDO DE FINANCIAMENTO DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA. PROGRAMA 2000-2003 ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA E AS TRES UNIVERSIDADES DE GALICIA, que despois de longas negociacións desenvolvidas no ano 1999 foi finalmente asinado o 27 de xaneiro do 2000. É importante recordar que dito acordo baséase no custo por crédito impartido segundo cada titulación e o número de créditos totais matriculados, variable esta última que resulta fundamental na planificación futura das universidades galegas.

Os ingresos da USC dependen esencialmente das transferencias correntes e de capital que cada ano fixa a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia nos seus presupostos e dos prezos públicos por servicios académico e

outros ingresos. O novo escenario de financiamento establecido para os próximos anos co Acordo entre as Universidades e a Comunidade Autónoma proporciona unha grande dose de estabilidade no que ás transferencias correntes se refire, pero, a pesar de eso, aparece unha serie de factores que nos fan pensar que o escenario económico no que se moverá a USC neste principio de século cambiou con respecto ó dos últimos anos.

Así, prodúcese unha reducción do número de créditos matriculados importante. Isto é debido á diminución no número de alumnos como se pode apreciar na figura 1.

Figura 1: Evolución do número de alumnos do sistema universitario galego (ata 1987-88) e da USC (dende 1988-89 en adiante):



Coa publicación da Lei de Ordenación do Sistema Universitario de Galicia (LOSUGA) prodúcese a segregación do sistema universitario galego en tres universidades. Aínda así, o número de estudiantes matriculados na USC sigue crecendo ata o curso 1997-98; sen embargo, a partir dese momento prodúcese un estancamiento e comeza a diminuír, sendo precisamente neste curso 2000-01, cando se sofre a reducción más importante cunha caída de case o 6,5%. Este fenómeno terá repercusións financeiras negativas nos capítulos 3 (Prezos públicos e outros ingresos) e 4 (Transferencias correntes) do presupuesto de ingresos.

No primeiro caso (Capítulo 3), fará que se perciban menos ingresos procedentes dos prezos públicos. A reducción de ingresos procedentes das matrículas dos estudiantes aparece atenuada pola suba dos ingresos procedentes dos cursos de posgrao (400 millóns de pesetas).

Pero ademais, esta reducción no número de alumnos supón tamén un estancamiento nas transferencias correntes que a USC percibe da Comunidade Autónoma. O ACORDO DE FINANCIAMENTO DO SISTEMA UNIVERSITARIO

DE GALICIA establece que a subvención básica das Universidades non se reducirá con respecto á do ano 1999, polo que, en caso de que as transferencias correntes diminuan como consecuencia da aplicación da fórmula número de créditos impartidos por custos de crédito, ás Universidades corresponderalle o importe da transferencia corrente do ano 1999 actualizado pola inflación. Precisamente isto é o que lle sucede a USC no exercicio 2001.

Como se deduce do que acabamos de expoñer, a caída no número de alumnos é fundamental para a planificación da USC e para a das universidades galegas en xeral e, ademais, non se trata dun fenómeno conxuntural; moi ó contrario, é un rasgo xa estructural da demografía galega. Así, nos Censos de poboación da Xunta de Galicia figura que a taxa de crecemento natural media anual para a poboación galega nos anos 1981-86, isto é, das persoas que chegarán á Universidade nos próximos cinco anos, foi dun 0,19, moi baixa se a comparamos coa dos seis anos anteriores (1975-81 nos que foi de 0,59) e moi alta se miramos o que sucede entre o 1986-91, onde a taxa se volve negativa (-0,096). Esta reducción da poboación en idade de entrar na universidade podería compensarse se a taxa de escolarización se incrementase, cousa pouco probable, porque xa se atopa nuns niveis moi altos (máis do 40%). Ademais, neste senso, cada vez existe un maior número de alternativas que poden ser cursadas polos individuos dentro da Educación Superior pero fora da Ensinanza Universitaria.

Esta reducción do número de alumnos provoca, xa que logo, por unha parte, o estancamiento da principal fonte de ingresos da universidade (as transferencias correntes desde a Administración Autonómica representan ó 57,91% do total de recursos percibidos pola USC), que como consecuencia dos datos demográficos se manterá, polo menos, nos próximos dez anos. Por outra parte, atopámónos cunha reducción nos ingresos procedentes dos prezos públicos.

As cifras que figuran no cadro 1 permiten observar a evolución do presupuesto e do esforzo presupuestario por alumno dende o exercicio 1994 ata o actual e poñen de manifesto que no ano 2001 prodúcese o maior esforzo presupuestario por alumno dos últimos oito anos, precisamente, como consecuencia da caída significativa na taxa neta de crecemento do número de alumnos matriculados, que por terceira vez rexistra taxas negativas, pero, á súa vez, polo perceptible, aínda que insuficiente aumento, do financiamento procedente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Cadro 1. EVOLUCIÓN DO ESFORZO PRESUPOSTARIO NA USC, ANOS 1994-2000

MAGNITUDES	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001
Presuposto inicial (millóns de ptas. correntes)	14.031	15.405	18.634	18.980	21.876	24.856	25.546	26.636
Taxa anual de variación nominal (%)	-	9,79%	20,96%	1,86%	15,26%	13,62%	2,78%	4,27%
Alumnos matriculados en centros propios (curso que finaliza no ano)	35.924	37.963	38.476	41.137	41.189	40.819	40.198	38.203
Taxa anual de variación nominal (%)	-	5,68%	1,35%	6,92%	0,13%	-0,90%	-1,52%	-4,96%
Esforzo presupuestario: Presupuesto inicial /Alumno matriculado (pesetas correntes)	390.575	405.790	484.302	461.385	531.113	608.932	635.504	697.223
Taxa anual de variación nominal (%)	-	3,90%	19,35%	-4,73%	15,11%	14,65%	4,36%	9,71%
Deflación	100	104,73	108,39	110,51	112,60	116,20	120,85	123,27
Esforzo presupuestario: Presupuesto inicial /Alumno matriculado (pesetas reais ano 1994)	390.575	387.463	446.814	417.505	471.681	524.038	525.862	565.606
Taxa anual de variación nominal (%)	-	-0,80%	15,32%	-6,56%	12,98%	11,10%	0,35%	7,56%

inflación 2001 estimada no 2%

A todo isto hai que engadir, desde o lado das aplicacións de fondos, o incremento que se produce no ano 2001 nos gastos de persoal (1.478,87 millóns de pesetas con respecto ós do año anterior). No cadro 2 recóllese a evolución no período 1994-2001 das subvencións incondicionadas acordadas coa Comunidade Autónoma, número de alumnos matriculados e gastos de persoal. Neste senso, o ano 2001 aparece como de inflexión no relativo ó grao de cobertura que os recursos procedentes da subvención incondicionada representan sobre os gastos de persoal programados pola USC, pois, como pode observarse, a suficiencia financeira mantida desde o ano 1994 interrómpese, de forma que as transferencias correntes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria non cubren máis que o 94,56% dos gastos de persoal.

Cadro 2. % DA SUBVENCIÓN INCONDICIONADA SOBRE OS GASTOS DE PERSOAL

MAGNITUDES	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001
Subvención incondicionada (en millóns ptas.)	10.663	11.903	13.289	13.510	13.774	14.187	14.620	15.074
Gastos de persoal (en millóns ptas.)	10.373	11.340	12.212	12.736	13.414	13.704	14.462	15.941
% subvención incondicionada s/gastos de persoal	102,80%	104,96%	108,82%	106,08%	102,68%	103,52%	101,09%	94,56%
Alumnos matriculados en centros propios (curso que finaliza no ano)	35.924	37.963	38.476	41.137	41.189	40.819	40.198	38.203
Subvención incondicionada por alumno (en pesetas)	296.821	313.542	345.384	328.415	334.410	347.559	363.700	394.576
Gastos de persoal por alumno (en pesetas)	288.748	298.712	317.393	309.600	325.669	335.726	359.769	417.271

A especificidade que acabamos de comentar para o ano 2001 da ratio subvención incondicionada sobre gastos de persoal, ten o seu reflexo fundamental no comportamento financeiro do denominador do coeficiente que estamos a considerar, é

dicir, os gastos de persoal, como consecuencia do destacado esforzo realizado pola USC nos últimos anos para adapta-los cadros do seu persoal ás necesidades operativas que a súa actividade productiva viña reclamando. Por tal motivo, consideramos que a situación financeira da institución será máis desafogada nos vindeiros anos, dunha parte, pola internalización que presupostariamente se produce nos últimos exercicios dos maiores gastos de persoal, que xa non deberán sufrir no futuro tantas variacións, e, doutra parte, polas incorporacións financeiras procedentes da Administración Xeral do Estado e da Xunta de Galicia ata o ano 2.003 para consecución do equilibrio presupuestario e a contención do endebedamento.

Pero a USC terá que adoptar medidas se non quere verse afectada en exceso por esta variable demográfica. Polo lado dos ingresos, xurde a necesidade de realizar esforzos para a captación de fontes alternativas de fondos, ben sexa a través de estudiantes non tradicionais, ben a través das vendas e prestación de servicios, camiños xa emprendidos en anos anteriores como podemos apreciar nos ingresos que se obteñen gracias ós estudiantes de posgrao (400 millóns de pesetas) e ós servicios e convenios de investigación (1.500 millóns de pesetas). Polo lado dos gastos, sería necesario emprender unha política de racionalización de gastos e de rigurosidade presupuestaria coerentes co novo horizonte ó que se enfrenta a USC. Ambos sacrificios, esixirán a corresponsabilidade e compromiso, primeiro, de todos aqueles que directa ou indirectamente están vinculados a xestión de recursos, humanos ou doutro tipo, e, segundo, de tódolos membros da institución.



O presupuesto para o ano 2001 intenta, pois, compatibilizar a aprobación de dotacións que, sen deixar de ser suficientes para a atención do gasto corrente, permitan o mantemento dunha adecuada política de investimentos, limitando así, en certa medida, os efectos da menor capacidade de financiamento producida como consecuencia da diminución do número de alumnos e de créditos matriculados e polo forte incremento experimentado polos gastos de persoal.

II. INGRESOS E GASTOS. RESUME XERAL

O proxecto de presupostos da USC para o ano 2001 ascende a 26.635,72 millóns de pesetas (160,08 millóns de euros) no seus estados de ingresos e gastos, o que supón un incremento respecto á previsión inicial de 2000 do 4,27%. O cadro 3 mostra os resumos do estado de ingresos e gastos clasificados por capítulos, de acordo coa preceptiva clasificación por natureza económica.

Cadro 3. RESUME DO PRESUPOSTO DO 2001 POR CAPÍTULOS

INGRESOS	Cifras en millóns de pesetas	Cifras en millóns de euros
Capítulo 3.- Prezos Públicos e Outros Ingresos	6.061,33	36,43
Capítulo 4.- Transferencias Correntes	16.056,17	96,50
Capítulo 5.- Ingresos Patrimoniais	80,00	0,48
Total Ingresos Correntes	22.197,50	133,41
Capítulo 6.- Alleamento de Investimentos Reais	1.000,00	6,01
Capítulo 7.- Transferencias de Capital	3.438,22	20,66
Capítulo 8.- Variación de Activos Financeiros	0,00	0,00
Total Ingresos de Capital	4.438,22	26,67
TOTAL INGRESOS	26.635,72	160,08
GASTOS	Cifras en millóns de pesetas	Cifras en millóns de euros
Capítulo 1.- Gastos de Persoal	15.940,67	95,80
Capítulo 2.- Gastos en Bens Correntes e Servicios	3.114,77	18,72
Capítulo 3.- Gastos Financeiros	53,00	0,32
Capítulo 4.- Transferencias Correntes	611,00	3,67
Total Gastos Correntes	19.719,44	118,51
Capítulo 6.- Investimentos Reais	6.807,67	40,91
Capítulo 8.- Variación de Activos Financeiros	76,16	0,46
Capítulo 9.- Variación de Pasivos Financeiros	32,45	0,20
Total Gastos de Capital	6.916,28	41,57
TOTAL GASTOS	26.635,72	160,08



Compre destacar que ese incremento do 4,27% nos ingresos totais que figuran no presuposto de 2001 débese, entre outras, as seguintes razóns:

- Ó aumento do importe da subvención básica que se deriva do acordo de financiamento do Sistema Universitario de Galicia. Programa 2000-2003 entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Consellería de Economía e Facenda e as tres Universidades de Galicia, asinado o 27 de xaneiro do 2000, no que se recolle o compromiso de garantir para cada Universidade, como mínimo, os recursos financeiros recibidos en 1999 expresados en pesetas correntes. Por iso, entendemos que neste exercicio, no que a subvención básica se vería reducida como consecuencia da importante reducción do número de créditos matriculados pola caída do número de alumnos, á USC correspondelle ese mínimo garantido que sería igual á actualización de acordo cos sucesivos índices de prezos ó consumo da cantidade percibida en 1999 (14.742 millóns de pesetas fronte ós 14.412 millóns percibidos no 2000, o que supón 330 millóns de pesetas máis).
- Ó concerto entre a USC e o Servicio Galego de Saúde (SERGAS), para a utilización das institucións sanitarias na investigación e docencia universitarias, aprobado pola Xunta de Goberno e polo Consello Social nas súas sesións celebradas os días 8 e 9 de febreiro pasados, respectivamente, que establece para o persoal de Corpos Docentes Universitarios que desenvolvan as súas actividades nas institucións sanitarias do SERGAS a percepción das súas retribucións nunha nómina única que será aboada pola USC. O importe estimado para o ano 2001 correspondente ás compensacións que o SERGAS transferirá mensualmente á nosa Universidade ascende a 410,67 millóns de pesetas.
- Estímase obter uns ingresos de 1.000 millóns de pesetas por operacións patrimoniais. A diferencia das dúas partidas anteriores, trátase duns fondos que se perciben de forma convxultural, polo que hai que ser precavidos á hora de interpretar estas cifras.
- Ós recursos aportados polo “Fondo Europeo de Desarrollo Regional” (FEDER), que outorgan á USC para o exercicio 2001 en torno a 1.093 millóns de pesetas. Neste caso, ademais, existe a posibilidade de obter máis ingresos en anos vindeiros xa que aínda non se coñecen as cantidades que lle corresponderían á USC no período 2003 a 2006.

III. O FINANCIAMENTO DO PRESUPOSTO

III.1. Fontes de financiamento

A diversidade de alternativas ofrecidas polo marco legal que rexe o financiamento universitario configura un sistema sometido á restricción sobre os instrumentos financeiros utilizados, que son os que aparecen recollidos no artigo 54 da LRU e no artigo 154 dos vixentes Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, e que poderían agruparse baixo os seguintes epígrafes:

- a) A subvención global fixada anualmente pola Comunidade Autónoma de Galicia.

- b) Os prezos públicos e restantes dereitos que legalmente se establezan, así como a compensación polas exencións legalmente establecidas.
- c) As subvencións, doazóns, legados e axudas de todo tipo concedidas á Universidade por institucións públicas ou privadas e particulares.
- d) Os rendementos procedentes do seu patrimonio e aqueloutros derivados da actividade universitaria e de actos e prestacións de servicios onerosos.
- e) O producto da venda de bens e de títulos propios e as compensacións orixinadas pola cesión de activos fixos.
- f) O producto das operacións de crédito que concertase a Universidade con entidades públicas ou privadas para o financiamento dos seus gastos de investimento.
- g) Os remanentes de tesourería e calquera outro ingreso.
- h) Os ingresos derivados de contratos que celebren os departamentos, os institutos e o seu profesorado a través do propio departamento ou instituto para a realización de traballos de carácter científico, técnico, artístico, así como para o desenvolvemento de cursos de especialización.

O cadro 4 recolle as estructuras e as dotacións financeiras que dan contido ó estado de ingresos nos tres últimos anos, así como as variacións experimentadas no proxecto de presupuesto do ano 2001 respecto ó ano anterior e o valor relativo dos ingresos previstos en cada capítulo presupuestario respecto ós ingresos totais do ano 2001.

Cadro 4. PRESUPOSTO DE INGRESOS DA USC (EN MILLÓNS DE PESETAS)

ESTRUCTURA ECONÓMICA INGRESOS	1999	2000	2001	% Variación s/2000	% s/total
Capítulo 3.- Prezos Públicos e Outros Ingresos	4.036,37	4.629,60	6.061,33	30,93%	22,76%
Capítulo 4.- Transferencias Correntes	14.250,00	15.101,00	16.056,17	6,33%	60,28%
Capítulo 5.- Ingresos Patrimoniais	131,00	90,00	80,00	-11,11%	0,30%
Total Operacións Correntes	18.417,37	19.820,60	22.197,50	11,99%	83,37%
Capítulo 6.- Alleamento de Investimentos Reais	0,00	0,00	1.000,00	---	3,75%
Capítulo 7.- Transferencias de Capital	4.068,68	4.223,62	3.438,22	-18,60%	12,91%
Capítulo 8.- Variación de Activos Financeiros	870,00	1.501,33	0,00	-100,00%	0,00%
Capítulo 9.- Variación de Pasivos Financeiros	1.500,00	0,00	0,00	0,00%	0,00%
Total Operacións de Capital	6.438,68	5.724,95	4.438,22	-22,48%	16,66%
Total Operacións Financeiras	2.370,00	1.501,33	0	-100,00%	0,00%
TOTAL INGRESOS	24.856,05	25.545,55	26.635,72	4,27%	100,00%

Da estructura e dotacións financeiras que definen os estados de ingresos e gastos pódense destacar as seguintes conclusións fundamentais:

- Segue a existir un forte desequilibrio entre os recursos propios e asimilados (incluíndo neste grupo aqueles recursos sobre os que a universidade dispón, en distintos graos, de capacidade de xestión, e que configuran o grao de autonomía financeira disponible), constituídos polos prezos públicos e outros ingresos, ingresos patrimoniais e variación de activos financeiros e os recursos alleos, que recibe a institución para o desenvolvemento da súa actividade. En efecto, como mostra o cadro 5 os recursos propios do exercicio 2001 acadan a cifra de 7.141,33 millóns de pesetas, que

representan o 26,81% dos ingresos totais da Universidade; o resto, é dicir, o 73,19%, que ascende a 19.494,39 millóns de pesetas son recursos alleos.

Cadro 5. PRESUPOSTO DE INGRESOS (EN MILLÓNS DE PESETAS)

Recursos propios e alleos

	2001	% s/Total
PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	6.061,33	22,76
INGRESOS PATRIMONIAIS	80,00	0,30
VARIACIÓN DE ACTIVOS FINANCEIROS	0	0
ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	1.000,00	3,75
RECURSOS PROPIOS	7.141,33	26,81
TRANSFERENCIAS CORRENTES	16.056,17	60,28
TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	3.438,22	12,91
VARIACIÓN DE PASIVOS FINANCEIROS	0	0
RECURSOS ALLEOS	19.494,39	73,19
RECURSOS TOTAIS	26.635,72	100,00

A reducida capacidade de xeración directa de recursos que presenta a Universidade e o feito de que o financiamento alleo proceda praticamente na súa maior parte da Comunidade Autónoma, fai inviable calquera programación económica que explicitamente non considere á nosa administración educativa, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, e constitúe un certo factor de debilidade para a autonomía financeira que a LRU reconece ás Universidades, pois presenta dessa forma unha excesiva dependencia externa. Esta dependencia na súa maior parte dos recursos alleos é compartida, aínda que en distinta proporción, polas restantes universidades públicas; sen embargo, a USC é entre todas as universidades galegas a que presenta unha maior proporción de recursos propios gracias á venda de servicios.

2. Atendendo á estructura económica do presupuesto, o estado de ingresos para o ano 2001 reflecta que o total de ingresos por operacións correntes, 22.197,50 millóns de pesetas (133,4 millóns de euros), representativo do 83,34% dos ingresos, supera ó total dos gastos correntes en 2.478,06 millóns de pesetas (14,89 millóns de euros), o que amosa as relacións financeiras básicas da USC e reflectan a súa solvencia económica e a súa capacidade para xerar aforro que lle permita aborda-lo financiamento de esforzos adicionais en investimentos reais no seus dous Campus de Compostela e Lugo.

3. Outra consideración dos ingresos da universidade para o ano 2001 responde a parámetros de carácter financeiro, segundo que os recursos que integran o estado de ingresos teñan a súa orixe en operacións financeiras ou non financeiras. Neste sentido, tódolos ingresos teñen a súa orixe en operacións non financeiras. En efecto, as operacións de capital, cun montante inicial de 4.438,22 millóns de pesetas, que representan o 16,66% dos recursos totais náutrense exclusivamente neste ano das transferencias que realizarán á Universidade as institucións públicas e privadas como resultado, polo xeral, de convenios e acordos previamente establecidos, pois nin se prevé que existan remanentes na liquidación do exercicio 2000 nin se contempla recorrer a endebedamento algún para financiar gastos do ano 2001.

III. ESTRUCTURA ECONÓMICA DOS INGRESOS. ANÁLISE POR CAPÍTULOS.

A) Operacións correntes

O presupuesto de ingresos da USC clasifica nos seus capítulos terceiro ó quinto os ingresos por operacións correntes. O importe dos ingresos por operacións correntes para o ano 2001 é de 22.197,50 millóns de pesetas, o que supón o 83,37% dos ingresos totais inicialmente presupostados e proceden, na súa meirande parte, das Transferencias correntes (60,28%) e dos Prezos públicos e Outros ingresos (22,76%), sendo marxinais os Ingresos patrimoniais (0,30%).

É importante destacar os ingresos que consigue a USC pola venta de servicios que estarían incluídos dentro do capítulo 3 e ascenden a 1.885 millóns de pesetas representando o 7,08% do total de ingresos. Nun entorno no que a austeridade presupostaria constitúe unha restricción de partida xunto co descenso do número de alumnos, a busca de fontes alternativas de ingresos é un factor fundamental xa non para o éxito, senón para a propia supervivencia da institución universitaria. Queremos, así, insistir no carácter esperanzador que esta cifra representa dentro do presupuesto da USC.

Capítulo III: Prezos públicos e outros ingresos

A previsión presupostaria deste capítulo, que inclúe os ingresos derivados da prestación dos servicios de carácter académico ou doutro tipo que a USC oferta á sociedade acada a cifra de 6.061,33 millóns de pesetas, que en relación coa cantidade inicial presupostada no exercicio anterior supón un incremento do 30,93%.

No que se refire ós prezos públicos por servicios académicos e administrativos, que constitúen a fonte de ingresos propios de carácter recorrente da Universidade, a súa estimación experimenta unha reducción do 1,79% respecto á inicial de 2000, o que supón unha diminución de 65 millóns de pesetas. Os criterios de estimación desta componente de ingresos foron os seguintes:

- A base do cálculo foi a liquidación prevista do ano 2000, actualizándose o seu importe coa media de subida de prezos para o ano 2001 (2%), e cunha estimación da reducción do número de alumnos do 5% para o curso 2001-2002.

Os ingresos por compensación de exencións, por bolsas e familia numerosa de primeira categoría con tres fillos baseáronse nas liquidacións do curso anterior efectivamente certificadas ó Ministerio de Educación e Cultura.

A forte subida experimentada neste capítulo explícase, fundamentalmente, polas previsións de ingresos por servicios e convenios de investigación por importe de 1.500 millóns de pesetas e pola presupostación por vez primeira dos ingresos que se prevé obter por cursos de posgrao e polas titulacións propias, en torno ós 487 millóns de pesetas.

Capítulo IV: Transferencias correntes

Os ingresos previstos para o ano 2001 neste capítulo, que recolle as subvencións e transferencias que a USC recibe para gastos correntes constitúe, desde o punto de vista cuantitativo, a súa principal fonte de fondos. O importe inicialmente presupostado ascende á cantidade de 16.056,17 millóns de pesetas, representativo do 60,28% dos recursos totais do presupuesto da Universidade, incrementándose en 955,17 millóns de

pesetas, equivalentes a unha taxa de variación do 6,33%, respecto ás previsións iniciais do exercicio 2000.

As transferencias procedentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia por importe global de 15.425 millóns de pesetas, fundamentalmente en concepto de subvención incondicionada á Universidade destinada á cobertura xenérica de parte dos gastos básicos de funcionamento constitúen a práctica totalidade dos ingresos deste capítulo, pois representan o 95,77% das transferencias totais.

Para o ano 2001 as transferencias da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia correspondentes á nosa Universidade calculáronse con arreglo ós criterios de reparto contidos no Acordo de Financiamento do Sistema Universitario Galego (2000-2003) asinado o 27 de xaneiro do ano 2000, podéndose desagregar nos seguintes conceptos:

a) A subvención incondicionada para atender ás necesidades en materia de gastos de persoal docente e de administración e servicios e de funcionamento que se determina anualmente considerando un conxunto de indicadores de carácter basicamente académico, baseado no custo real das titulacións que se imparten en cada Universidade, que estimamos para o ano 2001 en 14.742 millóns de pesetas.

b) Unha partida finalista de 332 millóns de pesetas que ten por obxecto cubrir os gastos estimados de persoal docente derivados da avaliación positiva nalgún tramo de investigación ó abeiro do Real Decreto 1086/89, de 28 de agosto, e da Orde do 5 de febreiro de 1990, ó existir o compromiso da Xunta de Galicia de financia-la totalidade do gasto certificado por sexenios de investigación.

c) Finalmente, presupóstase unha partida de 351 millóns de pesetas que ten por obxecto contribuír á consecución do equilibrio presupostario e á contención do endebedamento das Universidades. Este financiamento enmárcase nun convenio de colaboración asinado polo o 18 de decembro de 2000 entre a “Administración General del Estado”, a Comunidade Autónoma de Galicia e as tres universidades galegas.

No resto de conceptos do capítulo IV, de menor importancia relativa, cabe sinalar as aportacións xa negociadas coas entidades bancarias (Banco Central Hispano 150 millóns de pesetas; Caixa Galicia 50 millóns de pesetas e Banco Pastor 20 millóns de pesetas).

Capítulo V: Ingresos patrimoniais

Neste capítulo recóllese os ingresos que se producirán no ano 2001 pola utilización de activos que integran o patrimonio da Universidade por parte de terceiros. O importe inicialmente previsto ascende á contía de 80 millóns de pesetas, o que significa unha reducción do 11,11% con respecto ós presupostados no exercicio precedente que se explica, fundamentalmente, pola evolución dos saldos e tipos de xuros que experimentarán as contas operativas da tesourería da Universidade ó longo do exercicio.

B) Operacións de Capital

As denominadas operacións de capital aglutinan os recursos provenientes dos capítulos VI, VII, VIII e IX do Presuposto de ingresos. Deles, os dous últimos capítulos conforman as coñecidas como Operacións Financeiras.

A cantidade inicialmente presupostada para o ano 2001 no conxunto das operacións de capital, acada a cifra de 4.438,22 millóns de pesetas, o que ven a representar o 16,66% sobre o total do presupuesto de ingresos. Internamente, na estructura das operacións de capital, o habitual e o que demanda a lóxica presupostaria é que presenten un maior peso as operacións reais ou non financeiras –Capítulos VI e VII– que as operacións propiamente financeiras. No caso da USC as operacións de capital en sentido estricto representan o 100% pois non se prevén ingresos por operacións financeiras nos recursos que integran o conxunto dos ingresos de capital.

O desglose das operacións de capital, atendendo á clasificación económica é como segue:

VI. Alleamento de investimentos reais.

Este capítulo obedece sempre a circunstancias de tipo conxuntural, polo que máis ben ten un carácter extraordinario dentro das actuacións da Universidade, que ten previsto para o ano 2001 a obtención de 1.000 millóns de pesetas procedente da operación patrimonial relativa ós edificios de Galeras, Enfermería e EXB situados no Campus Norte de Compostela.

VII. Transferencias de capital

Este capítulo, que é expresión do conxunto de subvencións e transferencias que recibirá a USC para gastos de capital, en grande medida de carácter “finalista” (con destino predeterminado polo organismo subvencionador) constitúe, xunto co aforro presupostario, o principal compoñente do financiamento dos gastos de investimento, por canto no actual exercicio non se contempla aportación algúnhha do endebedamento para esa finalidade. A previsión de ingresos por transferencias de capital sitúase en 3.438,22 millóns de pesetas, experimentando unha reducción do 18,60% respecto á previsión inicial de 2000 debido, basicamente, ó cambio de criterio na presupostación dos recursos procedentes de convenios de colaboración coas distintas Consellerías da Xunta de Galicia (1000 millóns de pesetas), que por recomendación dos auditores inclúense no Capítulo III de ingresos así como á definición do Plan de Investimentos 2000-2003.

A Programación de Investimentos da USC cofináciase na anualidade do ano 2001 do seguinte xeito:

- Pola Comunidade Autónoma de Galicia (500 millóns de pesetas). Corresponde coas anualidades que figuran recollidas nos Convenios xa asinados para:
- ampliación do edificio da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais (277 millóns de pesetas)
- rehabilitación do edificio para a Casa do Estudiante (92 millóns de pesetas)
- continuación das obras do novo edificio para a Titulación de Enxeñería Química (40 millóns de pesetas)
- ampliación do edificio da Facultade de Farmacia (41 millóns de pesetas)
- equipamento da Biblioteca de Ciencias Sociais e Xurídicas (50 millóns de pesetas)
- Polo FEDER (1.093,54 millóns de pesetas), que corresponde ás anualidades previstas de 2000 e 2001 do Programa Operativo 2000-2006 (destinaranse, entre outras finalidades, a equipamento científico-técnico, rede ATM, e Segunda Fase do proxecto do novo edificio para a Titulación de Enxeñería Química).

- Pola Fundación Pro Campus de Lugo, que aportará 20,68 millóns de pesetas que se destinarán ó financiamento do proxecto de urbanización do Complexo Docente no Campus de Lugo destinado á Facultade de Humanidades, Escola de Enfermería e Escola de Relacións Laborais.

Estas transferencias resultan á súa vez complementadas polas procedentes do programa de Reparación, Ampliación e Mellora (RAM) de edificios, que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria destina á Universidade de Santiago con arreglo á dotación para o ano 2001 establecida no Acordo de Financiamento do Sistema Universitario Galego (2000-2003) cifrada en 324 millóns de pesetas.

Outro apartado significativo neste capítulo é a presupostación, tanto en ingresos como en gastos, da anualidade do ano 2001 de proxectos e infraestructuras de investigación financiados, especialmente, pola Secretaría Xeral de I+D da Consellería da Presidencia da Xunta de Galicia (1.000 millóns de pesetas) e polo MEC (500 millóns de pesetas), o que supón un total de 1.500 millóns de pesetas.

IV. PRESUPOSTO DE GASTOS

Unha vez coñecidas as orixes ou as diferentes fontes de ingresos, pasamos a cuantificar a continuación os créditos necesarios nos distintos capítulos que integran o Estado de Gastos, é dicir, a aplicación dada ós fondos ou recursos obtidos, de forma que se chegue así a un presupuesto público, único e equilibrado, tal como establece o artigo 54 da Lei de Reforma Universitaria e o artigo 152 dos Estatutos da nosa Universidade.

O presupuesto para o ano 2001 intenta compatibilizar a aprobación de dotacións que, sen deixar de ser suficientes para a atención do gasto corrente, permitan o mantemento dunha adecuada política de investimentos, limitando así, en certa medida, os efectos da menor capacidade de financiamento producida como consecuencia da diminución do número de alumnos e de créditos matriculados e polo forte incremento experimentado polos gastos de persoal.

O cadro 6 recolle os conceptos e cantidades más significativas do Estado de Gastos nos tres últimos anos, así como as variacións experimentadas no proxecto de presupuesto do ano 2001 respecto ó exercicio anterior e o valor relativo dos gastos en cada capítulo presupuestario respecto ó gasto total do ano 2001.

Cadro 6. PRESUPOSTO DE GASTOS DA USC (EN MILLÓNS DE PESETAS)

Estructura económica

GASTOS	1999	2000	2001	% Variación s/2000	% s/total
Capítulo 1.- Gastos de Persoal	13.704,00	14.461,80	15.940,67	10,23%	59,85%
Capítulo 2.- Gastos en Bens Correntes e Servicios	2.702,12	2.860,98	3.114,77	8,87%	11,69%
Capítulo 3.- Gastos Financeiros	8,00	25,00	53,00	112,00%	0,20%
Capítulo 4.- Transferencias Correntes	659,77	702,61	611,00	-13,04%	2,29%
Total Operacións Correntes	17.073,89	18.050,39	19.719,44	9,25%	74,03%
Capítulo 6.- Investimentos Reais	7.580,16	7.416,16	6.807,67	-8,20%	25,56%
Capítulo 8.- Variación de Activos Financeiros	0,00	79,00	76,16	-3,59%	0,29%
Capítulo 9.- Variación de Pasivos Financeiros	202,00	0,00	32,45		0,12%
Total Operacións de Capital	7.782,16	7.495,16	6.916,28	-7,72%	25,97%
Total Operacións Financeiras	202,00	79,00	108,61	37,48%	0,41%
TOTAL GASTOS	24.856,05	25.545,55	26.635,72	4,27%	100,00%

Ó analizar o Estado de Gastos do Presuposto para o ano 2001 dende a vertente económica dos créditos que o integran, os aspectos más significativos da evolución destas magnitudes son as seguintes:

O presupuesto de gastos da USC para o ano 2001 ascende a 26.635,72 millóns de pesetas, importe que representa un incremento do 4,27% respecto do presupuesto inicial do ano anterior. Desa cantidade, 26.527,11 millóns de pesetas corresponden a operacións non financeiras, que superan nun 4,16% ó importe do exercicio precedente, e 108,61 millóns a operacións de carácter financeiro.

Dende outra perspectiva, os gastos correntes, nos que se inclúen tanto os destinados ó funcionamento dos servicios como os derivados do pagamento dos intereses do endebedamento e os asignados á realización de transferencias e subvencións de carácter corrente (Capítulos primeiro ó cuarto do estado de gastos) suman un total de 19.719,44 millóns de pesetas, e aumentan nun 9,25% a dotación do exercicio precedente. Este tipo de gastos absorbe en termos relativos o 74,03% dos gastos totais e caracterízanse pola notable rixidez da súa estructura, xa que na súa maior parte están constituídos por gastos de persoal, destinados nunha gran proporción ó cumprimento de dereitos subxectivos preexistentes, e por gastos necesarios para garantir o funcionamento da Universidade, mentres que os gastos financeiros veñen determinados polas propias características da débeda así como polo estado de situación da tesourería ó longo do exercicio. O detalle e a explicación de todas e cada unha das partidas que integran os diferentes capítulos de gastos das operacións correntes recóllese no apartado 1.4.2.

Pola súa parte, os gastos de capital, que inclúen os investimentos reais, as transferencias de capital e as variacións de activos e pasivos financeiros (capítulos sexto ó noveno), describen as variacións na estructura de patrimonio da nosa Universidade. A dotación inicialmente prevista en concepto de gastos de capital ascende a 6.916,28 millóns de pesetas, que representa o 25,97% do total dos gastos programados para o ano 2001.

Capítulo I. Gastos de persoal.

Aplicaranse a este capítulo os gastos derivados das retribucións e indemnizacións a satisfacer pola USC a todo o seu persoal por razón do traballo realizado. Igualmente, incorporaranse a este capítulo os gastos motivados polas cotizacións obligatorias á Seguridade Social e ás entidades xestoras do sistema de previsión social do seu persoal, así como os gastos de natureza social realizados pola USC en cumprimento de disposicións e /ou acordos con destino ó seu persoal.

O total dos créditos deste capítulo previsto no proxecto de Presupostos para atender ás necesidades económicas dos diferentes cadros de persoal docente e de administración e servicios ascende a 15.940,67 millóns de pesetas, o que representa un crecemento de 1.478,87 millóns de pesetas en termos absolutos e un 10,23% sobre o importe deste mesmo capítulo de gastos do presupuesto aprobado no exercicio 2000. Tense que destacar que, dada a especial estructura da Universidade en tanto que prestadora de servicios de docencia e investigación, o peso porcentual dos gastos de

persoal sobre o total de gastos é de un 59,85%, sendo con diferencia o de maior importancia de tódolos compoñentes do Presuposto.

O aumento previsto para este tipo de gastos obedece, entre outros, ós seguintes motivos:

- Incremento xeral das retribucións do persoal da Universidade, nun 2% sobre as vixentes no ano 2000, establecido, con carácter xeral, para todo o persoal ó servicio da Comunidade Autónoma indicada na Lei de Presupostos para o persoal ó servicio das Administracións Públicas.
- Como en anos anteriores, mantense o importante crecemento vexetativo dos complementos retributivos do persoal docente e investigador, tales como trienios, productividade docente e investigadora, todo elo como consecuencia do especial réxime retributivo deste persoal e da composición do cadro de persoal.
- Prevese unha dotación de novos créditos para atender as necesidades de mellora do cadro de persoal docente de 65 millóns de pesetas.
- Inclúese unha dotación para atender as necesidades de reorganización e mellora do cadro de persoal de Administración e Servicios de 50 millóns de pesetas.
- Increméntase no 7,42% a dotación aprobada no ano 2000 para o Plano de Pensións do persoal non laboral, quedando establecida en 45,78 millóns de pesetas. Asimesmo, a aportación da USC ó Plano de Pensión do persoal laboral sitúase en 17 millóns de pesetas, o que significa un aumento do 3,65%.
- Consolidación dos custos derivados da aplicación do Convenio Colectivo do persoal laboral.
- Compromiso derivado do Concerto co SERGAS de realiza-lo pagamento do complemento retributivo asistencial dos profesores que traballan no Complexo Hospitalario Universitario, con cargo ós recursos do propio SERGAS (410,67 millóns de pesetas no ano 2001).

Capítulo II. Gastos en bens correntes e servicios.

Inclúense neste capítulo os recursos destinados a atender os gastos correntes en bens e servicios necesarios para o desenvolvemento das actividades propias da Universidade e que non impliquen un aumento do seu capital ou do seu patrimonio. Concretamente, son imputables a este capítulo os gastos orixinados pola adquisición de bens que presenten algunha das seguintes características:

- a).- Ser bens funxibles.
- b).- Ter unha duración previsiblemente inferior ó exercicio presupostario
- c).- Non ser susceptibles de inclusión en inventario
- d).- Ser, previsiblemente, gastos reiterativos

A cantidade inicialmente prevista para satisfacer os gastos xerados ó abeiro deste capítulo presupostario acada un montante global de 3.114,77 millóns de pesetas o que representa un aumento de 253,79 millóns de pesetas en termos absolutos, respecto ó exercicio 2000, e un crecemento porcentual do 8,87%, superior ó crecemento medio do presupuesto.

Ademais da lóxica adecuación dalgúns importes ós aumentos derivados da inflación prevista para o vindeiro exercicio, os incrementos deste tipo de gastos veñen

explicados basicamente pola posta en funcionamento das novas instalacións universitarias (novos edificios para a Facultade de Ciencias da Información, para a titulación de Enxeñería Química e para o Complexo Docente de Lugo, que esixe o aumento das dotacións deste capítulo de gastos. Ademais, inclúe unha partida xenérica de 360 millóns de pesetas (400 millóns de ingresos - 10% fondo de solidariedade) para os Cursos de posgrao).

Capítulo III. Gastos financeiros

As dotacións presupostarias deste capítulo (53 millóns de pesetas) destínanse a satisface-las cargas financeiras por xuros das débedas contraídas ou assumidas pola USC. Recolle os gastos por xuros que se poidan xerar ó longo do exercicio pola disposición do préstamo de 1.298 millóns de pesetas contraído en 1999 para financia-lo programa de aforro enerxético. Representan unha parte marxinal do presupuesto de gastos, un 0,20%.

Capítulo IV. Transferencias correntes

Este capítulo recolle basicamente as liñas de axuda e bolsas complementarias respecto ás concedidas por outras administracións públicas e as subvencións a Fundacións, aportación a CIUG para as probas de acceso,.... O total de dotacións do capítulo, 611 millóns de pesetas supón unha reducción sobre os créditos aprobados no ano 2000 de 91,61 millóns de pesetas en termos absolutos e do 13,04 puntos porcentuais, non variando significativamente a súa incidencia no total do presupuesto, pois só representa un 2,29%.

Capítulo VI. Investimentos reais.

O Capítulo VI de Investimentos reais comprende os gastos a realizar directamente pola Universidade destinados á creación ou adquisición de bens de capital, así como os destinados á adquisición de bens de natureza inventariable necesarios para o funcionamento operativo dos seus servicios e aqueloutros gastos de natureza inmaterial que teñan carácter amortizable.

Os créditos para gastos de investimento incluídos no presupuesto para o ano 2001 ascenden a 6.807,67 millóns de pesetas, o que supón unha reducción de 608,50 millóns de pesetas, en termos absolutos e unha variación do 8,20% de diminución, sobre as dotacións deste capítulo de gastos do presupuestos do ano 2000.

Dos créditos incluídos neste capítulo convén destacar os seguintes

- En primeiro lugar, as obras que a USC ten en execución das conveniadas coa Comunidade Autónoma por valor de 500 millóns de pesetas (Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, 277 millóns de pesetas; Biblioteca de Ciencias Sociais e Xurídicas, 50 millóns de pesetas, Casa do Estudiante, 92 millóns de pesetas, Edificio Enxeñería Química, 40 millóns de pesetas e ampliación Facultade de Farmacia, 41 millóns de pesetas).
- As obras e equipamentos financiados polo programa FEDER (que cubre o 70% do seu importe) e/ou con fondos propios da USC, que ascenden a 1.124,3 millóns de pesetas. En concreto, desta cantidade 400 millóns serán para o novo edificio de Enxeñería Química, 14 millóns para a EXB de Lugo, 65 millóns para a adecuación do edificio de Mazarelos, 110 millóns para o edificio do Vicerrectorado de Lugo,

